

## **ORDENANZA P1**

### **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE RESIDENCIA NO HOSPITAL-ASILO DE SAN SEBASTIÁN E SAN LÁZARO DO CONCELLO DE RIBADEO**

#### **ARTIGO 1. Fundamento Legal**

En uso das atribucións conferidas nos artigos 41 a 47 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de residencia no Hospital-Asilo de San Sebastián e San Lázaro do Concello de Ribadeo.

#### **ARTIGO 2. Nacemento da Obriga**

A obriga de pagar o prezo público nace dende que se inicie a prestación do servizo, se ben a Corporación poderá esixir o depósito previo do seu importe total ou parcial, conforme ó artigo 46 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O obxecto deste prezo público é a prestación dos servizos públicos de vivenda comunitaria definidos no Regulamento de Réxime Interior do Hospital-Asilo. O usuario pagará polo uso de todos os servizos establecidos no Regulamento que regula o funcionamento do Hospital-Asilo, faga ou non usos dos mesmos

#### **ARTIGO 3. Obrigados ó Pago**

Estarán obrigados ó pago do prezo público quenes se beneficien dos servizos polos que deban satisfacerse aquel. Serán substitutos dos contribuíntes os herdeiros testamentarios ou legais de conformidade co previsto nos artigos 39 e concordantes da Lei Xeral Tributaria, Lei 58/2003 de 17 de decembro.

#### **ARTIGO 4. Contía**

A contía dos dereitos a percibir polo prezo público será a seguinte:

- Residentes válidos: 600,00€/mes
- Residentes inválidos: 800,00€/mes

#### **ARTIGO 5. Xestión e Cobro**

A obriga de pagar o prezo público nace dende que se inicia a prestación do servizo.

Cando por causas non imputables ó obrigado ó pago do prezo, o servizo non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

O periodo impositivo coincide co mes natural de prestación dos servizos. A falta de asistencia do usuario ó Centro non supón a redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

O pagamento farase efectivo por mensualidades vencidas, nos primeiros cinco días do mes seguinte. A modalidade de pagamento é a domiciliación bancaria.

No suposto excepcional de ingreso no centro na segunda quincena do mes ou estancia inferior a 15 días, reducirase á metade o importe do prezo público.

No caso de baixa voluntaria anterior ó día 15 do mes, reducirase á metade o importe do prezo público sempre que conste preaviso fehaciente ó Centro con, alomenos, cinco días de antelación á data da baixa.

O incumprimento reiterado do pago do prezo público poderá dar lugar á baixa na prestación do servizo ó usuario

As débedas por prezos públicos esixiránse polo procedemento de prema.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

O Acordo de establecemento deste prezo público foi adoptado e a súa Ordenanza foi aprobada polo Pleno deste Concello, en sesión celebrada o día 17 de novembro de 2008, e comezará a rexir a partir do día 1 de xaneiro de 2009, e seguirá en vigor ata que se acorde a súa derogación ou modificación expresa polo Concello.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi aprobada por acordo plenario de data 17 de novembro de 2008 e publicada definitivamente no BOP número 33 de 10 de febreiro de 2009